



Resolución do 18 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa “Club de Letras” para centros docentes públicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional durante o curso 2020/2021

O artigo 105 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que as administracións educativas favorecerán o recoñecemento do labor do profesorado dos centros públicos, atendendo á súa especial dedicación ao centro e á implantación de plans que supoñan innovación educativa, por medio dos incentivos económicos e profesionais correspondentes.

Un dos desafíos contemporáneos máis salientables é a necesidade de capacitar o alumnado para o exercicio do pensamento crítico e autónomo co que alcanzar unha mellor comprensión do mundo globalizado e de si mesmo. Paralelamente, a investigación e a potenciación dun espírito crítico deben estar acompañadas de achegas a enfoques plurais procedentes de distintos ámbitos filosóficos, artísticos, literarios ou históricos. A concienciación social, a educación patrimonial, a sensibilidade estética, o pensamento creativo, ao tempo que crítico e rigoroso, precisan das Humanidades, as Artes e as Ciencias Sociais para acadar marcos de interpretación da realidade cada vez máis complexos, globais e enriquecedores que nos permitan traballar nun contexto diverso e cambiante.

Como reto, resulta especialmente decisivo o momento histórico que vivimos, pois está a determinar irremediamente o benestar emocional, os modos de relación, de expresión e de comunicación da nova realidade motivada pola COVID-19. Este momento singular e inédito, nunca vivido polo conxunto da humanidade, demanda unha análise profunda das novas necesidades sentidas pola poboación, de aí que sexa necesario contextualizar as aprendizaxes ás circunstancias e aos contextos que determinan as vivencias da sociedade actual.

Debido á aparición das Humanidades dixitais, a fenda tecnolóxica entre a clásica distinción entre “ciencias” e “letras” está en forte retroceso, do mesmo xeito que os vasos comunicantes entre as letras e as ciencias están cada vez máis presentes no sistema educativo actual e no ámbito profesional. A cartografía dixital, a narrativa transmedia ou as artes dixitais son algúns dos exemplos, así como o concepto de “experiencia” ligado ás artes e á literatura.

Neste marco, o “Club de Letras” resulta unha estratexia importante para potenciar o emprendemento, o pensamento crítico e a creatividade nas áreas de Humanidades, Artes e Ciencias Sociais. O “Club de Letras” redundará no beneficio do alumnado que opta por este eido do coñecemento, posto que accede a novas oportunidades de formación, potenciando o sentido da iniciativa e a capacidade para afrontar retos futuros. O tratamento de todos estes aspectos favorecerá a súa inclusión nos procesos de aprendizaxe ao longo da vida.

O “Club de Letras” preséntase coa determinación de ofrecer oportunidades que favorezan o desenvolvemento integral do alumnado no marco das circunstancias da sociedade actual. O centro docente resulta un escenario propicio para desenvolver estratexias metodolóxicas que





promovan a adquisición de novas habilidades e sensibilidades, a través dunha invitación á descuberta que aumente o interese do alumnado participante por saber, cada vez máis, sobre diversos campos e manifestacións das Humanidades, das Artes e das Ciencias Sociais.

Así pois, os clubs de letras fundaméntanse nunha metodoloxía baseada na descuberta, na indagación, no intercambio de ideas, na lectura reflexiva, na análise crítica, na creación e na aprendizaxe colaborativa. Ademais das metodoloxías activas, cómpre non desestimar a dimensión que adquiren as relacións de convivencia e coidado producidas nestes novos contextos de aprendizaxe; débese atender especialmente o benestar, a solidariedade e o compañeirismo coas persoas máis vulnerables dentro da comunidade educativa co fin de integrar de xeito real e efectivo os principios críticos deste programa no seu desenvolvemento práctico.

De acordo co anteriormente exposto, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

Primeiro. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten como obxecto convocar a selección de 70 novos centros docentes públicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para participar no programa de innovación educativa “Club de Letras” durante o curso 2020/2021.

Ademais, dará continuidade aos 30 centros que realizaron o “Club de Letras” durante o curso 2019/2020. De haber renuncias, as vacantes xeradas engadiranse ás asignadas para centros de nova incorporación.

Cada centro seleccionado para desenvolver un “Club de Letras” recibirá unha achega económica de 1.000 €. O importe total aos centros será de 100.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.423A.229 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, dos orzamentos de 2020.

Esta dotación económica é incompatible con calquera outra destinada ao mesmo proxecto obxecto desta convocatoria.

Segundo. Destinatarios

Poderán presentar solicitudes aqueles centros docentes públicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que impartan ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria ou bacharelato.





Terceiro. Características do “Club de Letras”

O “Club de Letras” defínese como un espazo de aprendizaxe non formal baseado nunha metodoloxía de indagación. Neste marco o profesorado suxire diferentes accións enfocadas ao alumnado co obxecto de que poida afondar, descubrir e coñecer novos eidos relacionados coas Humanidades, as Artes e as Ciencias Sociais.

O “Club de Letras” destinado á educación primaria achegarase a estes eidos do coñecemento, fundamentalmente, a través da escrita creativa, a exploración e creación artística, a lectura reflexiva e fomentando, de ser posible, unha achega lúdica e dinámica.

No que respecta ao “Club de Letras” destinado á educación secundaria obrigatoria e ao bacharelato procurárase unha visión transversal e interrelacionada das manifestacións literarias e artísticas, unha perspectiva filosófica ou histórica, así como a potenciación da capacidade creativa e de lectura reflexiva, coa finalidade de fomentar competencias de comprensión e de pensamento crítico do mundo actual.

Deberá estar formado por profesorado e alumnado de educación primaria, secundaria obrigatoria ou bacharelato. A coordinación do club estará guiada por unha persoa docente.

Desenvolverase fóra do horario lectivo ao longo do curso escolar. Este horario deberá cumprir como mínimo unha media de catro horas ao mes, comezando a partir da concesión definitiva do proxecto ata o final do período lectivo do alumnado dentro do curso 2020/2021.

Cara ao curso 2020/2021 terase en conta a previsión dos posibles escenarios que se puidesen dar en función da situación sanitaria (actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou posibles períodos de confinamento) para a organización e desenvolvemento adaptado a cada escenario.

Cada convocatoria centrarase nunha temática concreta sobre a que se fomentará a reflexión, a lectura crítica e a achega a novos materiais e perspectivas. Para o curso 2020/2021 o tema escollido é o *coidado*. O ámbito do coidado pode abordarse desde a comprensión ampla da responsabilidade e da corresponsabilidade na atención das tarefas e dos labores necesarios para o sostemento da vida das persoas, para a atención das necesidades de quen está a padecer unha situación de vulnerabilidade (causada pola enfermidade, pola pobreza, pola soidade, pola dor...), para a atención das persoas que sofren ou vén agravada a situación de violencia de xénero e LGTBIfobia, ou doutras circunstancias que constitúan situacións de especial vulnerabilidade. Considérase especialmente aconsellado comprender o contexto de confinamento motivado pola COVID-19, pois constitúe un episodio histórico nunca antes vivido que requirirá unha profunda reflexión por parte da comunidade educativa e que constitúe unha oportunidade de reflexión idónea para a posta en valor dos labores de coidado. Os proxectos realizados sobre este tema poden abordarse desde un punto de vista literario, artístico, filosófico ou histórico, e poderán centrar o seu foco de interese na actualidade, en anteriores etapas da historia ou conxugando ambos os dous enfoques.





Cuarto. Solicitud e documentación

1. Os centros que desexen beneficiarse do “Club de Letras” deberán presentar a seguinte documentación complementaria:

- Anexo I: solicitude
- Anexo II: breve descrición do proxecto que se vai desenvolver no curso 2020/2021. Cómpre que a proposta teña en conta a posibilidade de desenvolver o proxecto a través de estratexias versátiles que posibiliten a adaptación a distintos escenarios de aprendizaxe (presenciais e virtuais) de acordo co sinalado no apartado 3.

2. A solicitude dirixirase á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A), xunto coa documentación complementaria. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Quinto. Continuidade dos centros no “Club de Letras”

1. Co fin de consolidar o club, os centros participantes durante o curso 2019/2020 terán prioridade na admisión e poderán prorrogar nesta convocatoria a súa participación no programa presentando a solicitude conforme ao apartado 4. No caso de que o centro non desexe continuar no programa que emprendera en 2019/2020 deberá comunicalo a través do anexo I como se indica no apartado 4.2.

2. Para a continuación no programa será un requisito imprescindible a valoración positiva da memoria presentada do curso 2019/2020.

Sexto. Prazo de solicitude

O prazo de presentación de solicitudes e documentación rematará o 30 de setembro de 2020.

Sétimo. Criterios de selección

1. Proposta do proxecto “Club de Letras” (ata 60 puntos):





- adecuación ao tema da convocatoria.
- calidade e coherencia do proxecto (adecuación entre obxectivos, metodoloxía, actividades, recursos e avaliación de resultados de aprendizaxe).
- visibilización dos valores coeducativos do proxecto (representatividade equilibrada por sexos, respecto polos valores coeducativos, espírito crítico ante as violencias machistas etc).
- claridade e corrección lingüística na presentación formal do proxecto.
- impacto social da proposta e impacto nos modos de vida.
- fundamentación do proxecto (base teórica, experiencias previas etc).
- grao de orixinalidade e creatividade da proposta.
- contribución á adquisición de competencias clave.
- transferibilidade do proxecto.
- implicación activa dos distintos axentes da comunidade educativa.

2. Impartición de materias específicas de igualdade de xénero: Igualdade de Xénero, Coeducación para o Século XXI e análogas e participación en programas de innovación educativa desta Consellería relacionados coa igualdade (ata 20 puntos).

3. Participación do centro en programas de innovación educativa desta Consellería distintos dos recollidos no punto 2 deste apartado (ata 10 puntos).

4. Representatividade equitativa das distintas áreas ou materias (Humanidades, Artes e Ciencias Sociais) ás que vai destinada esta convocatoria (ata 10 puntos).

Oitavo. Dotación económica

1. Cada centro docente seleccionado nesta convocatoria recibirá 1.000 €. Este investimento será transferido nun único pagamento no período correspondente ao exercicio económico 2020.

2. O importe concedido a cada centro deberase destinar a sufragar gastos que estean debidamente xustificadas e imputables á participación nesta convocatoria. Non se utilizará para a adquisición de materiais inventariables.

3. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 30 de xuño de 2021 e serán debidamente xustificadas ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e





Innovación Educativa. As facturas correspondentes deberán ser custodiadas no centro educativo, que poderán ser requiridas pola dita Dirección Xeral.

4. A non xustificación do gasto no prazo establecido poderá ser causa de revogación das cantidades concedidas. O centro deberá realizar o reintegro da cantidade percibida, sen prexuízo das responsabilidades que se lles poidan esixir.

Noveno. Comisión de selección

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional valorará as solicitudes recibidas mediante unha comisión de selección, que estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado (ou pola persoa en quen delegue), e estará integrada pola persoa titular da Sudirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo (ou pola persoa en quen delegue), pola persoa titular da Xefatura de Servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa, pola asesora de Participación Educativa e mais por dúas asesoras da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, unha das cales actuará como secretaria.

Décimo. Resolución provisional

1. A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes recibidas, emitirá unha resolución provisional dos centros admitidos. Esta resolución provisional poderase consultar na web desta consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>).

2. Logo da publicación da resolución provisional abrirase un prazo de 5 días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias ante a presidencia da comisión. O procedemento é o indicado no apartado 4.2 desta resolución.

Décimo primeiro. Resolución definitiva

1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas, e elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que adoptará a resolución definitiva dos centros seleccionados.

2. As alegacións ou reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas na resolución definitiva que se publicará no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal/portal/>.

3. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación





Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décimo segundo. Avaliación da participación no programa

Os centros admitidos nesta convocatoria deberán enviar unha memoria antes do 15 de xullo de 2021, onde se dea conta dos seguintes apartados:

1. Introducción.
2. Profesorado participante, identificando a persoa coordinadora e as funcións realizadas por cada docente.
3. Descrición das actividades realizadas incluíndo os materiais empregados.
4. Visibilización das actividades realizadas: web do centro, actividades de difusión das actividades, blog, redes sociais, publicacións en revista escolar, etc.
5. Certificación dos gastos derivados da participación no programa.
6. Conclusións e valoracións.

A non entrega desta memoria, ou a súa baixa calidade, poderá valorarse como criterio para a continuación do centro en vindeiras convocatorias.

A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa facilitará o formulario para a elaboración da devandita memoria.

Décimo terceiro. Certificación do profesorado participante

A Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional certificará, segundo a normativa vixente, a participación do profesorado no “Club de Letras” como actividade de innovación educativa, previa avaliación positiva da memoria presentada, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e de 20 horas para o resto do profesorado participante.





Décimo cuarto. Compromisos do centro e do profesorado participante

Os centros participantes no “Club de Letras” durante o curso 2020/2021 colaborarán nas accións de difusión das actividades que organicen e cederanlle á Consellería os dereitos de edición dos materiais educativos relacionados co desenvolvemento do programa no centro. Estes materiais difundiranse baixo a licenza “Creative Commons” que sexa BY-NC-SA que combine as propiedades “recoñecemento”-“non comercial”-“compartir igual”.

Décimo quinto. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Co fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito nesta norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos.

Santiago de Compostela

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa





SOLICITA

- Participar por primeira vez no programa **Club de Letras** durante o curso 2020/2021
- Prorrogar a súa participación no programa **Club de Letras** durante o curso 2020/2021 (para os centros participantes no curso 2019/2020)
- Renunciar a prorrogar a súa participación no programa **Club de Letras** durante o curso 2020/2021 (para os centros participantes no curso 2019/2020)

Documentación que se achega coa solicitude:

- Proxecto (Anexo II)

CERTIFICA

- Que o Claustro e o Consello Escolar foron informados da participación no **Club de Letras** 2020/2021

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais .





Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 18 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa “Club de Letras” para centros docentes públicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional durante o curso 2020/2021

SINATURA DO/A DIRECTOR/A

_____, _____ de _____ de 2020

O /A director/a

Selo do centro





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Dirección Xeral de Educación,
Formación Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal





ANEXO II

PROXECTO CLUB DE LETRAS 2020/2021

1.- DATOS DOS CENTRO PARTICIPANTE:

1.1. Datos do centro:

CÓDIGO	NOME DO CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA


1.2. Datos da persoa coordinadora:

APELIDOS	NOME	DNI	ESPECIALIDADE

2.- PROXECTO:

2.1. Describa brevemente a proposta de traballo (12000 caracteres como máximo)







2.2. Previsión de horarios e espazos, físicos ou virtuais, de desenvolvemento do club (1500 caracteres como máximo)

2.3. Impartición de materias específicas de igualdade de xénero: Igualdade de Xénero, Coeducación para o Século XXI e análogas e participación en programas de innovación educativa desta Consellería relacionados coa igualdade. (1500 caracteres como máximo)

2.4. Participación do centro en programas de innovación educativa desta Consellería distintos dos recollidos no punto 2.3. (1500 caracteres como máximo)





2.5. Representatividade equitativa das distintas áreas ou materias (Humanidades, Artes e Ciencias Sociais) ás que vai destinada esta convocatoria (1500 caracteres como máximo)

3.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade á que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder





	de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e mais información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais .
Actualización normativa: no caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.	

4.- LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 18 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a participación no programa de innovación educativa “Club de Letras” para centros docentes públicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional durante o curso 2020/2021

5.- SINATURA DO/A DIRECTOR/A

_____ , _____ de _____ de 2020

O /A director/a

Selo do centro

